



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 73/143

Asunto: Liquidación orzamento 2017.

Dirixido a: Sr. Interventor Xeral

Solicitude: Informes preceptivos

Remítese o expediente de referencia coa documentación e estados que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, así como a información de detalle para avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria e o Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010) Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, na súa aplicación ás Entidades Locais.

Unha vez que se emitan os preceptivos informes, formularase proposta para a súa aprobación polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e en cumprimento do previsto no artigo 193.5 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, darase conta ao Pleno da Corporación dentro do prazo legalmente establecido.

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 19/06/2015)

Jaime Aneiros Pereira

Sinatura electrónica

